RESÍSTENSE AS VITORIAS

Trixésimo primeira xornada da liga local xuvenil na que o Numancia se desprazaba ata Ferrol para enfrontarse a un G. de Caranza "B" que o pasado fin de semana se proclamaba campión de liga a falta de catro xornadas. Como recoñecemento, nos prolegómenos do encontro os aresanos facían o pasillo aos campións.

Ferrol, 1 de maio de 2014.

FICHA TECNICA:

G. CARANZA "B": Crespo, Berto (Yeray), Alex Martínez (Dani Romero), Javi González (Ferreño), Dani Rodríguez, Fernando (C), Taboada, Aitor (Javi Fernández), Isma, David (Jorge) e Mario.

Adestrador: Pablo Mesa Morado.

Delegado: Pedro Garrote Hermida.

NUMANCIA: Xaime (Roberto), Marcelo, Pepe (C), Jesús, Darío (José Manuel), Adrián (Pérez), Iván, Martín, Borja, Roque (Miguel) e Nóvoa (Ángel).

Adestrador: Alejandro González Domínguez.

2º adestrador: Manuel Antonio Bardanca Lopez.

Delegado: José Antonio Couce Iglesias.

ARBITRO: D. Adrián González Franco. Amosoulle cartolina amárela a Javi González, David, Dani Romero, Javi Fernández e Jorge polo Caranza, polo Numancia viu a cartolina amarela Ángel.

GOLES:

1 - 0: JAVI GONZÁLEZ (min. 10), mal rexeitamento de Darío ao sacar un balón dende atrás que chega a Javi quen de forte disparo coloca o balón na escuadra.

1 - 1: IVÁN (min. 19), pase en longo de Marcelo para Iván quen de disparo dende tres cuartos de campo supera ao porteiro por arriba.

1 - 2: BORJA (min. 63), libre directo que executa Borja na frontal da área, o balón toca en Dani Rodríguez e se coa na portaría.

2 - 2: ISMA (min. 74), libre directo que executa Javi Fernández, Roberto non bloca o balón que queda rifado entre él e Isma, o dianteiro ferrolano lle gaña a partida ao porteiro aresano e marca.

3 - 2: ISMA (min. 82), contragolpe do Caranza por banda esquerda que remata cun centro bombeado á área, José Manuel falla no rexeitamento e Isma entrando dende atrás remata de cabeza superando por arriba a saída de Roberto.

3 - 3: IVAN (min. 84), pase de Ángel dende o pico esquerdo da área á frontal para Iván, éste vaise de dous defensores, prepárase o balón e bate por alto a Crespo.

4 - 3: JAVI FERNANDEZ (min. 89), libre directo á área pequena que peina Javi ao fondo da rede.

Comezaba o partido cun Caranza que tomaba a iniciativa no xogo, ante un Numancia que non era capaz de entrar nel ante o empuxe dos locais. No minuto 10, adiantábase o Caranza despois dunha xogada por banda esquerda con centro á área que Darío saca moi frouxo, o balón chega a Javi González que establece o 1 - 0 de forte disparo afastado. Cinco minutos despois de novo por banda esquerda, Isma pon un centro ao segundo pau, que Taboada non acerta a meter entre os tres paus.

No minuto 19, no primeiro disparo a porta dos numantinos, Iván de forte zapatazo afastado sorprende por alto a Crespo para igualar o partido. Este gol foi o pistoletazo de saída dos aresanos que a partir de aquí entraron definitivamente no partido. Despois do gol visitante os locais dispoñerían dunha nova oportunidade cun balón ás costas da defensa e centro dende a dereita que non encontraba rematador. A réplica daríaa Darío na xogada seguinte cun disparo bobeado que o meta local envía a córner con algunha dificultade.

Os de Ares foron pouco a pouco entrando no partido para rematar unha primeira parte na que dominaron no último tramo da mesma. Borja de disparo cruzado, Martín de media chilena e Adrián de cabeza a saque dunha falta, foron as opcións de gol dos aresanos, pero a falta de puntaría e o porteiro marraron as ocasións visitantes. O Caranza con balóns en longo intentaba sorprender, pero os de Ares apenas pasaron apuros neste segundo tramo do primeiro período. Finalmente marchamos ao descanso con 1 - 1 no marcador.

Comezaba a segunda metade e volvían ser os de Caranza o que novamente tomaban a iniciativa do xogo. No minuto 50, un disparo de Taboada por enriba do longueiro era a primeira ocasión ferrolana deste segundo tempo. A posesión do balón, e o tempo do partido marcábao o conxunto local, pero só conseguía chegar con perigo en xogadas a balón parado.

No minuto 63, Borja de libre directo que touca nun defensor, adiantaba aos de Ares nunha das poucas aproximacións dos visitantes ata ese momento. Cinco minutos despois do gol aresano un libre directo que rexeita Roberto, incomprensiblemente Aitor en boca de gol enviaba o balón por enriba da portaría, desaproveitando os locais unha gran ocasión.

No minuto 74, despois dun lanzamento directo que rexeita novamente Roberto, e do que se aproveita Isma, éste establecía o empate a dous. No minuto 82, despois dun regalo defensivo visitante, Isma non o desaproveitaba e poñía por diante aos locais. Dous minutos despois desta xogada, Iván de disparo dende a frontal volvía a igualada ao marcador. No minuto 89, de xogada a balón parado que peina Javi Fernández chegaba o definitivo 4 - 3. No engadido aínda puideron empatar os de Ares nun man a man de Borja co porteiro ao que intenta superar de vaselina, pero ésta marcha fóra.

En resumo, malia a derrota bo partido dos numantinos, realizando un bo papel, sobretodo na primeira metade. No segundo tempo a mellor condición física dos locais e as xogadas a balón parado foron determinantes para que éstes se levasen a vitoria final.

Aproveitamos para felicitar a o Galicia de Caranza "B" pola consecución do título de liga e desexámoslles sorte na fase de ascenso.